



## O Plan de Estabilidade, a Precariedade Laboral, e os Censos de FEAs con Contratos Eventuais.

Na Táboa 1, preséntanse a síntese da información aportada polos diversos Censos de FEAs con Contratos Temporais (agás o de interinidades), que o SERGAS entregou na Comisión de Seguimento do Plan de Estabilización de FEAs dos Hospitais do SERGAS. Entre as conclusións máis relevantes que se poden tirar deses datos e da Táboa figuran as seguintes:

- O número total de FEAs con contratos temporais (interinos, substitutos e contratos eventuais) existentes na actualidade nos hospitais do SERGAS é de 1033, e non “máis de 1.200”.
- Existen, nos hospitais do SERGAS, 149 contratos de substitucións que, pola súa propia natureza (as prazas que están ocupando xa teñen propietario), non poden ser ofertados a OPE co obxectivo de converter en fixos aos facultativos que hoxe as ocupan.
- Descontando aos que teñen contratos de substitución, o número de contratos temporais existentes na actualidade nos hospitais do SERGAS é de 884.
- No Plan de Estabilización, asinado polo SERGAS e CIG-Saúde e os demais sindicatos da mesa sectorial, supón a creación de 841 novas prazas de FEAs en propiedade nos hospitais galegos:
  - As 532 correspondentes ás interinidades existentes en setembro de 2006 e que xa están convocadas na OPE-2006.
  - As 97 prazas novas de FEAs aprobadas nos orzamentos do parlamento galego para o ano 2007, que o SERGAS se comprometeu a incluír na OPE-2008.
  - As 212 prazas correspondentes aos facultativos que, a 08/02/2007, levaban máis de 1 ano traballando ininterrompidamente cun contrato eventual nunha praza de atención ordinaria (non de atención continuada nin de substitución); estas prazas tamén serán ofertadas na OPE-2008.
- O Plan de Estabilización supón a oferta en OPE dun número de prazas de FEAs que é igual ao 95,1% (841 de 884) do total de prazas de FEAs con contratos temporais existentes na actualidade que son susceptibles de seren convertidas en prazas fixas de cadro.

*A análise dos Censos de FEAs entregados polo SERGAS na Comisión de Seguimento, permite concluír que o Plan de Estabilización asinado polo SERGAS e CIG-Saúde e os demais sindicatos da mesa sectorial, supón un enorme paso adiante na loita contra a precariedade laboral entre os FEAs dos hospitais do SERGAS !!!*



Taboa 1.- A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE FEAs NO SERGAS, O PLAN DE ESTABILIZACIÓN, A OPE-2006 E A OPE-2008

A	B		D	E				I	K	L	M	N	O	P	
	CONTRATOS SUBSTITUCIÓN (non poden sair a OPE)			CONTRATOS INTERINIDADE (saen á OPE-2006)	CONTRATOS EVENTUAIS										
	<1 ano	>1 ano (a)			ATENCIÓN CONTINUADA (contrato de gardas)		ATENCIÓN ORDINARIA (outros contratos non de gardas)								
			<1 ano	>1 ano (a) (b)	<1 ano	>1 ano (c) (saen á OPE-2008)	TOTAL CONTRATOS TEMPORAIS NO SERGAS (B+C+D+E+F+G+H) a 08/02/2007	Contratos Temporais que ficarán no SERGAS despois da OPE-2006 (B+C+E+F+G+H)	Contratos Temporais que o SERGAS non inclúe no Plan de Estabilización (B+C+E+F+G) (c)	Contratos de Substitución que non se poden converter en fixos (B+C)	Contratos Eventuais que existirán cando se produza a OPE-2008 (E+F+G)	Prazas totais que, no Plano de Estabilización, o SERGAS se compromete a convocar na OPE-2008 (d)	Prazas susceptibles de seren convertidas en fixas e sen compromiso do SERGAS de facelo (N-O) (e)		
FERROL		7				16		38	22						
OURENSE		17			3	19		59	40						
PONTEVEDRA		12			5	4		40	36						
SANTIAGO		15			9	63		101	38						
VIGO		19			3	18		62	44						
A CORUÑA		12			10	68		121	53						
LUGO		12			1	21		59	38						
BURELA		4				1		10	9						
MONFORTE		5				1		7	6						
O BARCO		1				1		4	3						
<b>TOTAL</b>	<b>43</b>	<b>106</b>	<b>532</b>	<b>22</b>	<b>31</b>	<b>87</b>	<b>212</b>	<b>1033</b>	<b>501</b>	<b>289</b>	<b>149</b>	<b>352</b>	<b>309</b>	<b>43 (c)</b>	

- (a) Listado nominal entregado polo SERGAS na xuntanza da Comisión de Seguimento do 17/04/2007, que reflicte a situación a 08/02/2007.
- (b) O SERGAS comprometeuse a facerlles a estes FEAs un contrato mellor que o actual contrato de gardas. Sen embargo, e a diferenza do ocorrido cos que realizan atención ordinaria e, a 08/02/2008, levaban máis de 1 ano de contratos continuados, ese compromiso aínda non se concretou, malia as repetidas reclamacións de CIG-Saúde netes sentido
- (c) Listado nominal entregado polo SERGAS na xuntanza da Comisión de Seguimento do 21/05/2007, e referenciado tamén a 08/02/2007.
- (d) H + 97 (vacantes novas orzamentadas no 2007 e que o SERGAS se ten comprometido a convocar tamén na OPE-2008)
- (e) O Plano asinado na Mesa Sectorial permite estabilizar o 95,9% das 884 prazas temporais susceptibles se converter en fixas (todas menos as substitucións) que existen na actualidade.